

Neutralidade ideolóxica

A Consellería de Educación aplica a censura na formación do profesorado amparándose na “neutralidade ideolóxica”

O control ideolóxico comprobámolo hai semanas na proposta formativa de NEG e a AGAPPAZ “Palestina e máis alá. Educar na vida en tempos de xenocidio” á que a Consellaría vén de negarlle a homologación por non cumprir o principio de neutralidade ideolóxica.

A CIG-Ensinó súmase á denuncia feita pública polo movemento de renovación pedagóxica ao entender que se trata dunha mostra máis da censura ideolóxica que quere aplicar o goberno galego ao ensino público, neste caso nunha actividade de formación do profesorado.

A CIG-Ensinó, como agora lle ocorre a NEG, recibiu tamén **represións** debido a unha serie de materiais didácticos publicados polo que xa coñece, por experiencia propia, a persecución dunha Consellaría obsesionada co ocultamento dos acontecementos da nosa sociedade, como fai todos os días o goberno galego cos medios de comunicación públicos.

O desprezo ao profesorado demóstrase tamén no feito de que, malia que a **Orde de homologación de actividades de formación permanente do profesorado** establece no seu artigo 19 que haberá unha comisión de seguimento da que poderán formar parte os sindicatos con representación na Mesa Sectorial, esta representación legalmente elixida non se convoca a estas reunións.



Desde a CIG-Ensinó recordamos como hai uns anos se nos convocaba mensualmente para formar parte da comisión de recoñecemento de actividades de formación, pasando posteriormente a ser convocados de maneira anual, ata chegar ao momento actual en que nin sequera se nos convoca.

Á Consellaría non lle interesa escoitar a opinión do profesorado, fai e desfai conforme as súas retrógradas instrucións e trata de apartar das súas decisións arbitrarias a presenza incómoda de certa representación sindical. Isto si é dar pasos atrás e incumprir a lexislación en vigor.

Censura no Cartaz gañador (IES Castela de Vigo) do Concurso para a elaboración da exposición sobre Begoña Caamaño

Onte tivemos coñecemento da denuncia do profesorado do IES Castela pola manipulación da cartelaría gañadora na categoría de secundaria do Concurso para a elaboración da exposición sobre Begoña Caamaño.

Non podemos entender que clase de modificacións hai que introducir nun traballo escolar que foi seleccionado por un xurado, que está integrado só por persoas relacionadas coa propia Secretaría Xeral de Lingua.

Guste ou non ao goberno do Partido Popular, Begoña Caamaño era da CIG e gustaba da bandeira da patria coa estrela vermella, como así incluía o centro dentro dunha das ilustracións, bandeira que foi substituída por un recadro branco e unha banda azul ao sentido contrario que o da nosa bandeira, burramia? xa non sabemos, o que si sabemos é que quitar a estrela é censura.

Desde a CIG-Ensino esiximos que se rectifique a cartelaría e se faga unha edición correcta do cartaz número 7, respectando o orixinal presentado polo centro e que foi o gañador do concurso.

Discriminación do alumnado de FP dual no acceso ás PAU

A improvisación na reforma da FP puxo en risco que o alumnado de segundo curso de ciclo superior de dual ordinaria puidera matricularse a tempo para realizar a Proba de Acceso á Universidade no mes de xuño. Finalmente a Consellaría artellou unha solución para que este alumnado si poida realizar a inscrición condicional de forma

excepcional este curso. Ademais de que para o vindeiro ano esta circunstancia debe quedar regulada (dado que o Decreto galego de FP se gaba de establecer pasarelas entre a Formación Profesional e a Universidade), é preciso buscar unha solución para o alumnado da FP dual intensiva que segue quedando discriminado ao rematar o seu período formativo na empresa o 31 de xullo. Isto implica que non está en disposición de acreditar que ten completado o ciclo formativo até principios de setembro. A CIG-Ensino sempre pediu unha regulación expresa da dual intensiva mediante unha Orde que responda a todas as problemáticas que se producen neste réxime. Este alumnado debería poder matricularse tamén na PAU dado que nas datas de inscrición xa ten rematadas as 2000 horas de formación curricular do título, en igualdade de condicións ao alumnado da dual ordinaria. En base a esta circunstancia debería autorizarse tamén a súa matrícula condicional e adiantar a finalización da actividade profesionalizadora ao 30 de xuño para que poida estar en disposición de obter o título en xullo. Cómpre ter en conta que moito alumnado non é informado desta cuestión á hora de escoller os ciclos de dual ordinaria ou intensiva e que nos trasladan moitas queixas por perder un ano académico transcendental na súa vida.

Avaliación de diagnóstico

A CIG-Ensino denunciou días antes das probas de avaliación diagnóstico o caos que se estaba a producir ao non ter o profesorado instrucións claras nin información suficiente nin moito menos garantías sobre a súa aplicación nas vésperas da súa realización, e o tempo foi darnos á razón xa que o primeiro día foi un caos organizativo: probas anuladas

por problemas técnicos, bloqueos na páxina web na que se realizaban, falta de cadernos para as probas de lingua e caída da propia plataforma.

Un novo exemplo da improvisación da Consellaría, a costa dos centros, do profesorado e do alumnado.

A CIG-Ensino esixe que o profesorado que teña que responsabilizarse das avaliacións de diagnóstico teña liberación horaria e sexa substituído por profesorado procedente das listaxes de substitución.

De non ser así, non só este profesorado se verá sobrecargado de traballo, senón que a situación repercutirá no funcionamento dos centros educativos e no horario do resto do profesorado que xa padece uns horarios abusivos tal como vimos denunciando desde o sindicato.

Tamén pedimos explicacións da razón de aumentar o número de materias avaliadas nestas avaliacións máis alá do que marca a lei, [desde administración dinnos que creen nos beneficios desta avaliación.](#)

[Segundo a Consellaría o colapso foi un problema da rede, non do sistema.](#)

Prazas de asesorías, CAFI, CFRs, Convenios...

A administración non pon data ao seu paso pola mesa sectorial.

[Están traballando nas prazas, pero pensan que non van chegar a tempo para a renovación ao menos nas de CAFI e CFR.](#)

Impago colaboradores comedores.

O pago aos colaboradores de comedores escolares non pode ano si e ano non acumular atrasos, xa non se debería cobrar ao final de trimestre, senón mes a mes, pero o que non ten senso algún é que non se pague

ao final de trimestre, este pago é unha axuda para que moitas familias poidan subsistir e non poden estar ao que dispoña a incompetencia da administración.

Protocolo LGTBI

Solicitamos a reforma do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero para adaptalo á Lei Trans de 2023.

Polo que nos din desde a asociación ARELAS (Asociación de familias de menores Trans da Galiza) xa hai un documento feito desde hai tempo elaborado coa colaboración de varias entidades entre as que estaba dita asociación pero que nunca viron a versión final.

Formación e Orientación Laboral

Temos queixas de profesorado de FOL, nas que nos indican que nos seus centros queren xuntar as clases de IPE I e II de varios ciclos.

Entendemos que isto non é posíbel, xa que aínda que teñan o mesmo currículo base haino que adaptar ao título do ciclo e ao ámbito produtivo.

Como exemplo, os riscos laborais en fabricación mecánica non son os mesmos que en administración.

Esiximos da administración que deixe claro que non se poden xuntar clases de distintos ciclos.

Itinerancias nas EOIs

O Subdirector Xeral de Ensinanzas de Réxime Especial comentou nunha reunión coas e as direccións das EOI que a partir de agora, seguindo instrucións do servizo xurídico, ía ser preciso a autorización dunha comisión de servizos por parte das direccións territoriais cando profesorado das sedes se tivesen que desprazar ás extensións, por exemplo, para formar parte de tribunais.

Partindo disto, que pasa entón coa cobertura legal das itinerancias do profesorado das extensións ás sedes para as distintas reunións que se realizan nas mesmas, é de aplicación tamén para elas este tipo de comisións? Entendemos que non xa que forma parte do seu horario de traballo, pero o persoal ten dúbidas.

Persoal substituto: pago do verán, zonas de substitución e transparencia nas vacantes.

Volvemos reclamar unha vez máis o **cobro do verán** para o persoal substituto. Non é xusto nin aceptábel que un colectivo que traballa durante boa parte do curso, cubrindo as necesidades que xera o sistema educativo, quede sen retribución nos meses de verán.

Non pode seguir sendo tratado como persoal de usar e tirar e debe contar con dereitos laborais dignos e recoñecemento económico que corresponde pois a súa función é imprescindible para o correcto funcionamento dos centros.

Por outra banda, a proposta que xa trasladamos nesta Mesa sectorial sobre sobre fixar unha nova demarcación para a cobertura de substitucións sen **xustificación**, e que consiste no establecemento dunha zonificación a medio camiño entre as provincias e as comarcas, está tendo moi boa

acollida entre o profesorado, polo que a administración debería estudar seriamente a proposta xa que é unha medida razoábel, útil e necesaria.

Por último, denunciámos a crecente **falta** de transparencia na publicación das vacantes de substitución. O feito de que as vacantes teñan que superar previamente uns supostos “criterios técnicos” e “requisitos de xestión establecidos” antes de seren publicadas introduce un filtro administrativo que reduce a transparencia do proceso.

Esiximos, polo tanto, publicidade destes criterios e requisitos.

[Negan a falta de transparencia.](#)

Oposicións de Estética

O persoal opositor de Estética trasladanos de novo queixas ante a inminente celebración das oposicións a respecto de que non se pida levar para a proba práctica máquinas e aparellos de elevado custe económico, que deben ser fornecidos polos propios centros onde se celebran as probas. Todos os anos hai este malestar nestes sentido en varias especialidades (tamén Peiteado, Soldadura...) e é lóxico que sexa a administración pública a que proporcione todos os medios técnicos necesarios para desenvolver estas probas.

[Toman nota para evitalo](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal